

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Presidencia

*Corrección de erros.- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.*

Advertidos erros na publicación da Lei de pesca fluvial de Galicia (DOG nº 151 do 5 de agosto de 1992), cómpre efectua-las seguintes rectificacións:

—No artigo 34.26 (páxina 6.431) di: «... cando se sospeite fundamentalmente...»; debe dicir: «... cando se sospeite fundadamente...».

—No artigo 35.—Infraccións graves, páxina 6.432, no punto 19 di: «Pescar durante as horas que estea prohibido facelo» e recóllese nos mesmos termos no artigo 34.12, páxina 6.340, de infraccións menos graves. Este último apartado debe ser suprimido.

—No mesmo artigo 35 debe ser suprimido o punto 20 «Non respecta-las dimensións mínimas das especies», por aparecer recollido no artigo 33.

Advírtese ademais un erro na numeración do artigo 33 que pasa do punto 8 ó 10 sen incluí-lo número 9, polo que os números 33.10 e 33.11 pasan a ser 33.9 e 33.10 respectivamente.

### Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

*Corrección de erros.—Orde do 31 de xullo de 1992 pola que se establece a normativa para a inscrición no Rexistro de Empresas Alimentarias Relacionadas cos Productos do Mar.*

Advertida omisión nos anexos da devandita orde, publicados no DOG nº 171 do pasado mércores día 2, cómpre efectua-la súa publicación.

Entre as páximas 7.094 e 7.095 hai que intercalalos 3 anexos denominados:

—Rexistro Haliolimentario. Sección I. ACTIVIDADES DE CULTIVOS MARIÑOS E ACUICULTURA MARIÑA. Baixas.

—DATOS DO TITULAR DA CONCESIÓN.

—INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER ESTE CUESTIONARIO.

E a seguir da páxina 7.100 os 15 anexos seguintes e non relacionados.